
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O XOVES, DÍA 9 DE MAIO DE
2017**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do martes día 9 de maio de 2017, coa seguinte orde do día:

1. PDA da Escola no curso 2017/2018
2. Título propio da UdC “Master en Enxeñaría de Estructuras e Materiales Aeroespaciais”: renovación da unidade académica responsable
3. Convocatoria e calendario de eleccións das Comisións delegadas da Xunta de Escola

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Jácome Burgos	Alfredo
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Lage	Isabel
Moret Bonillo	Vicente
Nárdiz Ortiz	Carlos
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso

Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Perezán Pardo	Juan Carlos
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar	Iván
Naves García-rendueles	Juan
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María
Rojo López	Gemma

ESTUDANTES

Albar Martínez	Sara
Alonso Rodríguez	Pablo
Barro Prieto	Rocío
Benavides Cabezas	Iván
Colmenero Crispín	Enrique
García-Alén Lores	Gonzalo
Montero Lamas	Yaiza María
Novoa Rodríguez	Sara
Pazos Taboada	Damián
Rodríguez Álvarez	Iván
Rodríguez Ruiz	Antonio
Sotelo Domínguez	Luis
Souto Amigo	Alba
Temes Yebra	Laura
Traseira Piñeiro	Laura
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Recarey Buño	María José
Rivas Quelle	Cathaysa
Romero Rozas	Rubén
Valcarcel Cortiñas	María Carmen
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Navarrina Martínez	Fermín Luis
Martínez Díaz	Margarita

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. PDA da Escola no curso 2017/2018

O director comeza explicando que a convocatoria desta xunta de escola estaba prevista para un xoves en horario de AAAA, sen embargo non foi posible facela noutra data. Enviáronse previamente os documentos do PDA segundo a información que o director ía recibindo. Explica o plan respecto ás horas presenciais, que inicialmente ían ser 7h/ECTS e que finalmente o vicerreitor aceptou 10h/ECTS. Así, cambiouse a proposta inicial e aceptouse ese cambio de 10h en todas as asignaturas obrigatorias en todos os grados e máster da Escola incluíndo as materias obrigatorias de especialidade do grao de Enxeñaría de Obras Públicas que desde a reitoría se consideraban optativas. Nesta proposta de PDA as optativas de grao pasarían a ter 7h/ECTS. De ter que ser así finalmente, a proposta é que se siga impartindo a docencia igual que se viña facendo, sen facer distinción destas optativas.

Respecto aos grupos, hai variacións nos graos, o motivo é a redución de número de estudantes. Detalla as reducións de grupos de teoría e de grupos de prácticas. En total supón unha redución de 300h no encargo docente. Hai un aumento no 3º e 4º curso do GEOP con un aumento nos grupos de prácticas. No que respecta aos TFG e TFM manteñense os grupos. No grao de TECIC e MECCP manteñense os grupos. Salienta tamén que todo o MECCP mantería 10h/ECTS.

Continúa expoñendo a oferta de optativas, comeza co grao de EOP. Indica que houbo un aspecto especialmente complicado de tratar co vicerreitor para que entendera o funcionamento na Escola. O vicerreitor consideraba que todas as asignaturas de especialidade eran optativas, houbo que explicarlle que había ramas específicas e que hai que cumprir con un dos itinerarios para obter as competencias profesionais.

O Director propón que as materias de obras costeiras e as de tráfico e seguridade vial se volten a ofertar. A idea do Vicerreitor é que por cada optativa que teña que escoller o estudante, teña 2 optativas para eleixir. Intervén o profesor Jerónimo Puertas, preguntando pola situación de Hidráulica Fluvial. Se o vicerreitor considera que por número de alumnos non se imparta, que o decida o vicerreitor. O Director propón que se oferten todas, se é preciso que se active o procedemento para deixar de impartilas unha vez ofertadas no caso de moi baixa demanda. O principal problema radica en que a matrícula remata un mes e medio despois do comezo das clases. O profesor Jerónimo Puertas indica que se inste ao vicerreitor a que axilice o proceso polo que se decide se se imparte ou non unha materia.

Con respecto ao grao en Tecnoloxía en Enxeñaría Civil, explica as materias que se impartiron o curso pasado e propón que se manteña a oferta. Se non hai un número suficiente de estudantes podería ser que non se ofertara algunha materia.

No MECCP detalla as materias que se impartiron no curso anterior, el propón que se oferten todas e dependendo do número de alumnos matriculados se revise a oferta, no mes de setembro.

Intervén o estudante Luis Sotelo, pregunta cal vai ser a oferta para o ano que vén, se se sabe o criterio que vai aplicar a reitoría.

Intervén o profesor José Anta, propón que para manter a oferta nos graos, sería útil que as optativas comecen máis tarde e que por tanto non haxa problema por se se anula unha materia.

Intervén o profesor Vicente Moret indicando que nas obrigatorias de especialidade se cambiaron de 10h a 7h en outros centros. Manifesta a súa dúbida sobre como se aplica o criterio das 7 horas, deste xeito unha optativa de 6 ECTS, tería 42 horas para impartir.

Intervén o profesor Alfonso Orro, quen felicita ao director, xa que este PDA é moito mellor para esta Escola. No tocante ás optativas de 10horas/ECTS, considera que non se pode dar esa batalla por perdida, e insta a seguir peleando. Respecto aos grupos por asignaturas, sorpréndelle o trato diferente en unhas e outras materias, indica que na obrigatoria de camiños e aeroportos do grao de Enxeñaría de Obras Públicas que ten máis de 30 estudantes, e se propuxo 1gt e 1gdi, esa asignatura concreta debería ter ao menos 2 gdi e 2 grupos reducidos.

Intervén o estudante Iván Benavides dicindo que a cuestión de 10 horas debería ser irrenunciable, que o feito de dar 10 horas aínda que consten 7horas/ECTS pode causar problemas a longo prazo.

Intervén o profesor Xabier Domínguez, se hai unha opción de levar un plan alternativo, para a oferta de optativas poida depender dunha prospección que poidamos facer previamente. Repóstalle o director que é difícil articular esa prospección.

Intervén o profesor Vicente Moret respecto aos criterios, considera que se debe ter en conta o histórico de estudantes, hai materias nas que houbo sempre moitos estudantes e que agora teñen menos. Indica que o mínimo non debería ser estricto e só por números actuais, e que habería que incluír outros criterios.

Intervén o profesor Santiago Hernández, quen indica que o máster está ben en 10 horas e felicita ao Director pola xestión. Señala que o problema, se se acota está moi reducido, non comprende que desde a reitoría nos indiquen que deberíamos reducir horas. O problema sería 1 asignatura en TECIC e 4 no GEOP, xa conseguiu moito a Dirección pero non todo.

Intervén o estudante Damián Pazos e consulta sobre os correos que se foron enviando, onde hai cambios que se foron introducindo. O Director explica que na normativa da UDC por cada optativa que pode escoller o estudante, a Escola pode ofertar 2 optativas. A oferta segundo as normas debería ser no GEOP de 8 optativas. No caso do grao do TECIC o asunto é peor, como moito a oferta podería ser de 2. No caso do MECCP, como moito a oferta debería ser 12.

Continúa o director indicando que na súa opinión, respecto ás horas presenciais de 7h/ECTS para optativas, a Escola debería dar 10h/ECTS, insistindo que tamén conste nos documentos. Na súa opinión esta proposta de PDA é a mellor que se pode ter en este momento, sen deixar de reclamar que todas as materias se computen con 10horas/ECTS.

Intervén o estudante Iván Benavides, dicindo que a Xunta de Escola non debería asumir esta opción con 10 horas.

Establécese un debate sobre cal é a estratexia a seguir.

Intervén a estudante Rocío Barro indicando que o feito de dar 10 horas e que sin embargo consten 7horas é negativo. Indica que xa se falou sobre os problemas deste tipo de accións nesta Xunta. O director resposta que nunha situación a longo prazo non será sustentable. Hai universidades que están retomando os títulos universitarios a custo 0, indicando que en determinadas titulacións hai materias con encargo docente de 0 horas. Isto na práctica significa que se dan gratis por parte dos profesores.

O director indica que non é a mellor solución pero que é a proposta que foi posible conseguir. Outra opción é que a reitoría probe a PDA co criterio que estime oportuno.

Os estudantes indican que a se debería votar a aprobación para manifestar o desacordo coas 7h/ECTS nas optativas de grao.

Os estudantes solicitan que conste na acta a disconformidade expresa dos estudantes e pídese que se inste á reitoría a que cambie o PDA neste mesmo curso.

Finalmente acórdase aprobar o PDA e que conste na acta a disconformidade dos estudantes.

2. Título propio da UdC “Master en Enxeñaría de Estructuras e Materiales Aeroespaciais”: renovación da unidade académica responsable

O Director explica que todos os anos hai que renovar a unidade académica responsable e propón que este trámite quede delegado no Director en cursos sucesivos.

Apróbase

3. Convocatoria e calendario de eleccións das Comisións delegadas da Xunta de Escola

Os estudantes presentan unha lista de representantes, acordados dentro do seu colectivo, para cada unha das comisións, polo que non é preciso que haxa eleccións para este sector. Preséntase o calendario electoral.

Apróbase a convocatoria e o calendario electoral.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 14:00 horas do xoves 9 de maio de 2017.

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico